**Concello de Lourenzá**
Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo
Tlf. 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA DEZ DE XUÑO DO 2016.

SRES. ASISTENTES:
Alcaldesa - Presidenta:
Dª. Rocío López García.
Tenentes de Alcalde:
D. Manuel Arango Ron.
D. Carlos Rivas Rivas.
Dª.Mª Mercedes Dengra Sixto.
Secretaria -Interventora:
Dª.Mª. Begoña Glez. Pedregal.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as OITO HORAS DEZ MINUTOS (08,10) do día DEZ DE XUÑO do 2016, reúnese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa -Presidenta, asistindo os señores relacionados ao marxe e actuando como fedataria, a Secretaria da Corporación.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que se relacionan seguidamente:

**1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (23/05/2016).**

Preguntados os membros da Corporación pola Alcaldía se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data VINTE E TRES DE MAIO DO 2016 (23/05/2016) e no habendo nada, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

**2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.**

Neste punto da orde do día deuse conta dos escritos que se relacionan a continuación, quedando a Xunta de Goberno Local decatada do contido de todos eles, a saber:

A) Un escrito de Dª. Angeles Puga Castro, de data 25/05/16, rexistrado de saída co núm. 731 e polo que se achega Sentencia 00332/2016 de 19/05/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2ª da Coruña, referente al Recurso de Apelación núm. 0004077/2016 en relación con la Sentencia de 4 de decembro de 2015 no procedemento ordinario 297/2014, referente á perdida do dereito de cobro da subvención concedida para o proxecto *"MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CULTURA DOS PAZOS GALEGOS" no Pazo de Tovar.*

B) Outro do Concello de Trabada, de data 03/06/2016, rexistrado de entrada o día 08/06/2016, co núm. 817 e polo que se achega comunicación da Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria, referente á solicitude de subvención compartida para o servizo de socorrismo nas piscinas municipais ó abeiro da Orde de 29 de decembro do 2015 *pola que se establecían as bases que regulaban as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da e empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2016,* e en virtude da que se concede unha subvención para a

contratación de dous socorristas a xornada completa durante dous meses, cun importe de 4.442,44 euros.

**3º.- LICENZAS URBANÍSTICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

**A).- EXPDTE 499/16 DE D. VICTOR MANUEL PENEDO DIAZ PARA PINTURA INTERIOR DE CAFETERIA.**

Vista a solicitude presentada por D. VICTOR MANUEL PENEDO DIAZ con DNI. Núm. 33.346.887S con domicilio en Travesía da Mariña, 15 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita permiso para pintura interior de cafetería Morrigan en Travesía da Mariña, 15 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 09/06/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Dado que se trata dunha obra de escasa complexidade técnica, construtiva e económica e que non supón alteración nin do uso e que tampouco afectan ao deseño exterior nin á cimentación nin a estrutura referíndose unicamente ao acondicionamento interior dun local, entende que teñen a condición de obra menor e non é necesario proxecto para a execución da mesma nin tampouco autorización de Consellería de Cultura.
- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta euros (30,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil euros (1.000,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**B).- EXPDTE 85/16 DE D. MARCOS FERNANDEZ LOPEZ EN REPRESENTACION DE QUENDA GALICIA S.L. PARA ADECUACION E CAMBIO DE USO DE VIVENDA UNIFAMILIAR PARA ALBERGUE TURISTICO.**

Vista a solicitude presentada por D. MARCOS FERNANDEZ LOPEZ con DNI. Núm. 44.832.766Q con domicilio en Campo da Angustina, 11/baixo (Santiago de Compostela) en representación de QUENDA GALICIA S.L. con C.I.F. B70132915, quen solicita permiso para adecuación e cambio de uso de vivenda unifamiliar para albergue turístico, en Avda. de Mondoñedo, 26 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, segundo proxecto básico das obras redactado polo arquitecto D. Abelardo Díaz Pérez, colexiado nº 3231 do C.O.A.G, en decembro de 2015.

**Concello de Lourenzá**
Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo
Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 08/06/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- No referente ó cambio de uso a ordenanza 01A permite o uso de equipamento residencial en todas a súas categorías.

Teranse en conta as condicións que figuran na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 22/04/16 concretamente as relacionadas no punto 20 da resolución e que son as seguintes:

- Deberá de conservarse a carpintería exterior de madeira existente en toda a edificación, de acordo ao contorno máis inmediato, xa que a edificación é xemelga da lindeira, que dispón de carpintaría de madeira orixinal, na mesma cor existente. Poderían, e é o caso, modificarse os parteluces ou billotes das fiestras, de xeito que se simplifique o seu deseño, sempre por fora do vidro. Intentarase conservar o portón de acceso existente, recuperando as súas follas orixinais na medida do posible.
- Os elementos de escurecemento serán tamén de madeira e colocaranse pólo interior nos cuartos.
- Conservaranse as varandas de aceiro dos balcóns da fachada principal, recuperándoas.
- Respecto ao cerramento da fachada sanearase e recuperarase o recebo de morteiro de cemento existente, propoñendo unha pintura en cores ocres claras co mesmo criterio anterior, a integración co edificio lindeiro, de xeito de non romper a unidade edificatoria que forma como ela.
- No que toca á cuberta, no expediente figura unha solicitude de axuda para o retellado, debendo recuperarse, salvo imposibilidade manifesta, as lousas existentes e as novas deberán ser de formas irregulares e de similares características. No caso de ter que rehabilitar a estrutura de apoio, co mesmo criterio deberase recuperar, na medida do posible, empregando para o resto, materiais e técnicas tradicionais, presentando para o efecto o proxecto de execución redactado por técnico competente.
- Respecto ás canles e ás baixantes conservaranse o material existente de chapa de zinc e sección circular, sen molduras.
- Debe achegarse antes do inicio das obras o correspondente proxecto de execución conforme a estas condicións."

Previo ao inicio das obras deberanse entregar proxecto de execución e os oficios de dirección de Arquitecto e Aparellador e coordinador durante a execución da obra todo elo visado polo Colexio Oficial correspondente.

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil cincocentos noventa e catro euros con oitenta céntimos (1.594,80.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cincuenta e tres mil cento sesenta euros (53.160,00.-). A autorización entendese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Visto que con data 06/06/2016 foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Vista a certificación expedida por Secretaría - Intervención de existencia de crédito de conformidade co disposto na Disposición adicional 2ª apartado 6º do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Examinada a documentación que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 110 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar que sexa o procedemento negociado sin publicidade e tramitación urxente, a forma de adxudicación da contratación da obra *"MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS* MUNICIPAIS *DE ACCESO A* EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO *CONCELLO DE LOURENZÁ"*, con un presuposto de SESENTA E NOVE MIL SETENTA E UN *EUROS* (69.071,00.-), o *que se lle adicionará* o *Imposto sobre o Valor Engadido (21%), de* catorce mil cincocentos catro euros con noventa e un céntimos *(*14.504,91*)* *ascendendo* o *presuposto total da inversión, con IVE incluído, a* OITENTA E TRES MIL CINCOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E UN *CÉNTIMOS(*83.575,91.*)*

| *PREUPUESTO SIN IVA* | *IVA* | *PRESUPUESTO CON IVA* |
|---|---|---|
| *69.071,00 Euros.* | *14.504,91 Euros* | *83.575,91 Euros* |

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato de ditas obras por procedemento negociado sen publicidade e que se incorporan ao expediente.

TERCEIRO.- Solicitar polo órgano de contratación ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas, de conformidade co disposto no artigo 178.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e que serán as seguintes:

| EMPRESA | DOMICILIO |
|---|---|
| OBRAS Y VIALES TEIXEIRA S.L. | Teixeira s/n Santa Cecilia<br>27785 FOZ |
| ALEJANDRO LOPEZ RODRIGUEZ | C/ Paco Lanza, 8,1º<br>27700 RIBADEO |
| EXCAVACIONES RAMSEI S.L. | c/ Alvaro Cunqueiro, 38, local 1<br>27780 FOZ |

CUARTO.- Cumprir os demais trámites preceptivos de impulso hasta a formalización do oportuno contrato, sen cuio trámite non poderá iniciarse a execución, incorporando copia da adxudicación e do contrato que se

otorgue, facultando á Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**D)ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20072700274) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 027B005012980000LF SITA NO POLIGONO 5, PARCELA 1298 ZONA NORTE DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA (SOUTELO) E ADOPCIÓN DO ACUERDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 23/05/2016, con núm. 2331 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 24/05/2016, sendo rexistrada de entrada co núm. 717 e polo que se require documentación no Procedemento: "Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble", Expediente núm. ALL20072700274, Parcela con Referencia Catastral Núm. 27027B005012980000LF (finca),cunha superficie de 680 m2, sita en Soutelo e coa seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | NORTE | 5 | 1298 |

A Xunta de Goberno Local, co fin de dar conformidade ó carácter social da actividade mencionada, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

Primeiro.- Garantir que, unha vez sexa cedida en propiedade ó Concello de Lourenzá a parcela núm.1298 do polígono 5 da Zona de Concentración de Lourenzá Norte (Lourenzá), con referencia catastral Núm. 27027B005012980000LF, (finca); éste será garante do seu uso para a finalidade de **depósito municipal para abastecemento de auga** e do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade, contribuíndo polo tanto á xestión e seguimento das políticas públicas no ámbito social en xeral e no medio rural en particular, de conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 6/2011 de 13 de outubro, de *"Mobilidade de Terras"*, así como os obxectivos do artigo 6.2 do mesmo corpo legal, concretamente os sinalados no apartado d) de dito artigo.

Segundo.- Especificar que dito inmoble pretende adquirirse con carácter demanial a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade así como a súa incorporación ó Patrimonio Público do Solo.

Terceiro- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª.Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**E) ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20072700442) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 27027C004007870000DA, PARCELA 787 DEL POLÍGONO NÚM.4 DE LA ZONA DE CONCENTRACIÓN DE LOURENZÁ SUR ( SAN XURXO) E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 23/05/2016, con núm. 2331 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 06/06/2016, sendo rexistrada de entrada co núm. 810 e polo que se require documentación no Procedemento: "Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble", Expediente núm. ALL20072700442, Parcela con Referencia Catastral Núm.27027C004007870000DA, lugar de Piñeiro, parroquia de San Xurxo e na seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 4 | 787 |

Visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 09/06/2016 e tendo en conta que na finca 4-787 obxecto deste expediente existe parta dunha edificación de planta baixa e que o resto da edificación atópase na finca colindante número 4-788 do mesmo polígono e que esta é propiedade da Cámara Agraria Local mediante adxudicación de Estruturas Agrarias da Xunta de Galicia segundo consta no título de propiedade da Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ó abeiro do disposto no artigo 34 da Lei 4/2015 de 17 de xuño de Mellora da Estrutura Territorial Agraria, a **cesión conxunta**, en precario, para fins e servizos agrarios e socioculturais, dos seguintes bens inmobles:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA | REFERENCIA CATASTRAL |
|---|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 4 | **787** | 27027C004007870000DA |
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 4 | **788** | 27027C004007880000DB |

SEGUNDO.- Garantir que, unha vez sexan cedidas ditos bens en propiedade ó Concello de Lourenzá, este será garante do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade.

TERCEIRO.- Asumir que serán a cargo do Concello, os costos de outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de ditas fincas así como os impostos derivados da transmisión incluído, no seu caso, ó do incremento do valor dos terreos

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**F) DACIÓN DE CONTA DA NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACION LOCAL DE 26/05/2016 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN SOLICITADA Ó ABEIRO DA ORDE DE 21/12/2015(DOGA. NÚM.246 DO 28/12/15) *POLA QUE SE REGULABAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E SE ESTABLECÍAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA LÍÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E DA LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA* E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Vista a Resolución de la Dirección Xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 26/05/2016, con rexistro de saída núm. 1761 de 27/05/2016, pola que se comunica a concesión dunha subvención por importe de Oitenta e catro mil (84.000,00.-) euros para a execución do proxecto denominado "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ROZA NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ E TRABADA", o que ven a supoñer o 70% do importe total da obra que ascende a 120.000,00 euros, e que fora solicitada dicha axuda ó abeiro da Orde de 21 de decembro do 2015 (DOG. núm. 246 de 28/12/15), *pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia no competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas ás entidades locais de Galicia.*

Visto que dadas as características do subministro e do presuposto de licitación, parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co disposto nos artigos 173 e ss. da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

Visto que con data 09/06/2016 foi emitido Informe de Secretaría - Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente, ós efectos de determinar o órgano competente para contratar e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir así como o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 09/06/2016 foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a adxudicación del contrato e que este conta co informe favorable de Secretaría - Intervención.

Visto a certificación expedida por Secretaría - Intervención de existencia de crédito de conformidade con lo disposto na Disposición Adicional 2ª, apartado 6º do Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade

dos catro concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Ratificar a aceptación, feita pola Alcaldía o día 01/06/2016, da subvención concedida pola Dirección Xeral de Administración Local de la Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de OITENTA E CATRO MIL (84.000,00.-) EUROS, para a execución do proxecto denominado "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ROZA NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ E TRABADA", o que supón o 70% do investimento total que ascende a CENTO VINTE MIL (120.000,00.) EUROS así como as condicións contidas na convocatoria e na Resolución da concesión da subvención.

SEGUNDO.- Aprobar a modificación da achega que lle corresponde ao Concello de Lourenzá, posto que fora solicitado o 80% do investimento, que ascendía a Noventa e seis mil (96.000,00.-) euros, e ao concederse soamente o 70% do gasto total, isto é, OITENTA E CATRO MIL (84.000,00) EUROS, a cada concello correspóndelle aportar Dezaoito mil (18.000,00.-) Euros, é dicir, seis mil (6.000,00.-) euros máis que o solicitado nun principio ao abeiro da Orde arriba referenciada, e tal e como queda reflectido no cadro seguinte en canto ás achegas para gastos de investimento e para gastos correntes de funcionamento e que irán con cargos ás partidas presupostarias 170.623 e 171.131 e 171.160, respectivamente.

| CONCEPTO | PRESUPUESTO | |
|---|---|---|
| **ORZAMENTO TOTAL (100%)** | **120.000,00** | |
| I.- INVERSION (58,81%) | 70.576,88 | |
| II.-FUNCIONAMIENTO (41,86%) | 49.423,12 | |
| **SUBVENCION TOTAL CONCEDIDA (70%)** | **84.000,00** | |
| I.- SUBVENCIÓN CONCEDIDA INVESTIMENTO | 49.403,82 | |
| II.-SUBVENCIÓN CONCEDIDA FUNCIONAMIENTO | 34.596,18 | |
| **APORTACIÓN MUNICIPAL (30%)** | **36.000,00** | |
| I.-CONCELLO DE LOURENZA | 18.000,00 | 10.586,53(inv.)+7.413,47 (func.) |
| II.-CONCELLO DE TRABADA | 18.000,00 | 10.586,53(inv.)+7.413,47 (func.) |

TERCEIRO.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de subministración consistente na adquisición dun TRACTOR (compatible coas ferramentas actualmente vinculadas ao servizo) por PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE e en consecuencia aprobar as correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación, debendo o subministro estar recibido e pagado antes do próximo 30 de setembro do ano en curso.

CARTO.- Facultar á Alcaldía - Presidencia para que solicite como mínimo tres ofertas a tres empresas capacitadas, de conformidade co disposto no artigo 173, f). do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

## 6º.- OTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.

**A).- EXPTE DE EXENCION NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Visto que por D. Rosendo Eugenio Ferreiro Monasterio, con D.N.I. núm. 77.592.776E, con domicilio en Condomiña, 11 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, foi devolto o recibo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre de 2016, por importe de vinte e catro euros con dezaseis céntimos (24,16.-).

Visto o informe da Traballadora Social Dª Mª José García Veiga, no que valora positivamente que se lle conceda unha axuda por emerxencia social para pagar os gastos da recollida de residuos sólidos do ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

1º.- Conceder a D. Rosendo Eugenio Ferreiro Monasterio a exención no servizo de recollida de residuos sólidos de 2016, á espera de que se modifiquen as condicións polas cales se lle concede dita exención.

2º.- Dar de baixa o recibo de recollida de residuos sólidos urbanos do primeiro trimestre de 2016, por importe de vinte e catro euros con dezaseis céntimos (24,16.-).

**B) EXPTE. 725/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 725 de 25/05/16 subscrita por D. JESUS RODRIGUEZ PEDREIRA con D.N.I. Nº 76529891J con domicilio en Avda do Val, 17, 2º da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Pumar de Don, 7 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Andrés Rodríguez Maseda, e para que agora figure a nome de D. Jesús Rodríguez Pedreira en Pumar de Don, 7 Santa María.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2016.

**C) EXPTE. 736/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 736 de 26/05/16 subscrita por D. JOSE ANTONIO PARDO MENDEZ con D.N.I. Nº 11.397.505Q con domicilio en Oural, 5 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Oural, 5 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de Dª. Amada Méndez García e para que agora figure a nome de D. José Antonio Pardo Méndez en Oural, 5, Santo Tomé.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2016.

**D) EXPTE. 783/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 783 de 02/06/16 subscrita por D. FELIX NICANOR VARELA ANDIA con D.N.I. Nº 33.767.476A con domicilio en Batán, 1 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que

solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en A Rigueira, 4 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. José Varela Andía e para que agora figure a nome de D. Felix Nicanor Varela Andía en **A Rigueira, 4, Santo Tomé.**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2016.

**E).- EXPTE. Nº 735/16 DE BAIXA NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Vista solicitude de 20/05/16 subscrita por Dª. Mª REBECA GONZÁLEZ TENREIRO con D.N.I. núm. 32.673.163F, e domicilio en Celso Emilio Ferreiro, 1, 1º dereita, de Ferrol na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Paseo de Oya, 10, 4º D, (Santa María) dende o mes de maio de 2015, data na que deixou de residir neste domicilio, cuio propietario é D. Manuel Castrillón Lamas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar a baixa de Dª Mª Rebeca González Tenreiro no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Paseo de Oya, 10, 4º D, con efectos do segundo trimestre de 2016.

**F).- ALTA DE OFICIO NO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS.-**

Á vista de que D. MANUEL CASTRILLON LAMAS, con D.N.I. nº 33.691.543Q con domicilio en Paseo de Oya, 10, 1º da Parroquia de Santa María de este Termo Municipal, é propietario da vivenda sita en Paseo de Oya, 10, 4º D da Parroquia de Santa María de este Termo Municipal, na cal deuse de baixa a súa inquilina con efectos do segundo trimestre de 2016 e non tendo solicitada o alta no servizo de recollida de residuos sólidos, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Dar de alta de oficio a D. Manuel Castrillón Lamas no servizo de recollida de residuos sólidos en Paseo de Oya, 10, 4º D con efectos do 3º trimestre de 2016.

2º.- Notificar o presente acordo e instarlle para que presente a domiciliación bancaria das mencionada taxa.

**G).- EXPTE. DE BAIXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Visto escrito de 20/07/15 subscrito por D. CASIMIRO RODRIGUEZ ESTUA con D.N.I. núm. 33.691.782W, con domicilio en Pousada, 4 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, no que comunica que a edificación sita en Pousada, 40 non se encontra en condicións de ser habitada polo que procede a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos.

Visto o informe da Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane de data 09/06/16 no que manifesta que a citada edificación conta coas condicións para causar baixa no Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Concello de Lourenzá
Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo
Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a baixa no recibo de recollida de residuos sólidos urbanos no domicilio de Pousada, 40 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, con efectos do segundo trimestre de 2016.

**H).- EXPTE. 220/14 DE BAIXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Visto escrito de 27/01/14 subscrito por D. FELIX NICANOR VARELA ANDIA con D.N.I. núm. 33.767.476A, con domicilio en Rigueira, 5 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, no que comunica que a edificación sita en Pedreiras, 11 non se encontra en condicións de ser habitada polo que procede a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos.

Visto o informe da Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane de data 09/06/16 no que manifesta que a citada edificación conta coas condicións para causar baixa no Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a baixa no recibo de recollida de residuos sólidos urbanos no domicilio de Pedreiras, 11 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, con efectos do segundo trimestre de 2016.

2º.- Anular os recibos que ten pendentes de pago da recollida de residuos sólidos urbanos no domicilio de Pedreiras, 11 da Parroquia de Santo Tomé.

**I).- EXPTE. 220/14 DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Visto escrito de 27/01/14 subscrito por D. FELIX NICANOR VARELA ANDIA con D.N.I. núm. 33.767.476A, con domicilio en Rigueira, 5 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, no que comunica que a edificación sita en Forxa, 9 non se encontra en condicións de ser habitada polo que procede a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos.

Visto o informe da Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane de data 09/06/16 no que manifesta que a citada edificación conta coas condicións para causar baixa no Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda, non efectuar o alta no recibo de recollida de residuos sólidos urbanos no domicilio de Forxa, 9 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal.

**J) EXPTE. NUM. 743/16 DE DEVOLUCION DO RECIBOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.-** Vista solicitude de 26/05/16 subscrita por D. MARIO CRUZ REGUEIRA con Pasaporte nº L117270Y con domicilio en Villapol, 26, da Parroquia de Santa María de este Termo Municipal na que solicita a devolución dos recibos do servizo de recollida de lixo do exercicio de 2015 por importe de cento sesenta e un euros con oitenta e catro céntimos (161,84.-), reintegrando o primeiro e segundo trimestre por importe de oitenta euros con noventa e dous

céntimos (80,92) na conta do seu inquilino D. Luis Manuel Do Rego Moreira, e o terceiro e cuarto trimestres por importe de oitenta euros con noventa e dous céntimos (80,92) na súa conta.

Vista a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar a devolución dos recibos do servizo de recollida de lixo do exercicio de 2015 por importe de cento sesenta e un euros con oitenta e catro céntimos (161,84.-), reintegrando o primeiro e segundo trimestre por importe de oitenta euros con noventa e dous céntimos (80,92) na conta do seu inquilino D. Luis Manuel Do Rego Moreira, e o terceiro e cuarto trimestres por importe de oitenta euros con noventa e dous céntimos (80,92) na súa conta.

## 7º.- FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 09/06/2015, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREEDOR | NUM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| LIBRERÍA JOSGUA, C.B. CIF. E27300680 | Nº 51-16 de 25/05/16 | Material Concurso Letras Galegas | 17,00 |
| LIBRERÍA JOSGUA, C.B. CIF. E27300680 | Nº 54-16 de 31/05/16 | Material Taboleiro Anuncios de Oural | 17,00 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERSONAL CIF. B15735616 | Nº 34 de 25/05/16 | Material para Actuación Teatro o día 25/05/16 | 15,92 |
| SUMINISTROS VEIPA, S.L. CIF. B-27172386 | Núm.58 de 02/05/16 | Reparacións e Mantemento Pavillón Polideportivo | 1.818,64 |
| HAN YAO FOZ, S.L. CIF B-27460963 | Núm. 1605130095 de 13/05/16 | 17 Axendas Letras Galegas | 25,50 |
| TORVAR, S.L.U. CIF. B-27044148 | Núm. 6A/1186 DE 15/05/16 | Material para rebacheo estradas | 92,50 |
| VENTOSO INSTALACIONES RODRIGO RODRIGUEZ RAMOS NIF. 34881215J | Núm. 10198 de 01/06/16 | Substitución punto de alumeado de apoio en formigón | 985,58 |
| VENTOSO INSTALACIONES RODRIGO RODRIGUEZ RAMOS NIF. 34881215J | Núm. 10199 de 01/06/16 | Zapata e izar poste de formigón para luminaria en Susbarras | 193,60 |
| SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm.S.S.PT.16/1/0011 1 de 31/05/16 | Servizo Dependencia -Axuda no Fogar"/Maio 2016 (fins de semana - festivos)(104 horas) | 1.312,92 |
| SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm.S.S.PT.16/1/0011 2 de 31/05/16 | Servizo "Axuda no Fogar" Maio 2016 (Incidencias Dependencia)/181,50 horas | 2.174,37 |
| SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm.S.S.PT.16/1/0011 3 de 31/05/16 | Servizo "Axuda no Fogar" Maio 2016 (Incidencias L.Concorrencia)/27,50 horas. | 348,43 |
| SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm.S.S.PT.16/1/0012 2 de 31/05/16 | Servizo "Axuda no Fogar" Maio 2016 (Incidencias L.Concorrencia)/10,00 horas. | 119,80 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| FLORISTERÍA BONSAI<br>Mª.SOL GONZÁLEZ PÉREZ<br>NIF. 77.592.838-S | Núm. 8/16 de 05/05/2016 | Material para Festa dos Maios | 14,52 |
| CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A.<br>CIF. A27142462 | Nº 1602998 de 31/05/16 | Copias Oficinas Municipais. Mod.C5235I IRADV ( 28-04-16-30-05-16) | 161,06 |
| CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A.<br>CIF. A27142462 | Nº 1602999 de 31/05/16 | Copias Torreón S.Sociais Mod.C5235I IRADV ( 29-04-16 a 27-05-16) | 12,44 |
| NOCEDA ASESORES<br>CIF B27174085 | Nº 1576/16 de 01/06/16 | Honor. Maio 2016 | 542,69 |
| E.S. GALP LOURENZA<br>CIF. B79083796 | Núm. 8800810419 de 31/05/16 | Gasóleo vehículos varios | 1.057,11 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26116 de 31/05/2016 | Material arranxos servizos varios | 69,80 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26516 de 31/05/2016 | Material arranxos CEIP Juan Rey | 34,45 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26716 de 31/05/2016 | Material para sinalizacións varias | 16,01 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26616 de 31/05/2016 | Material arranxos tuberías en S. Adriano | 37,47 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26416 de 31/05/2016 | Material arranxos Campo de Fútbol | 29,90 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26316 de 31/05/2016 | Material arranxos Polideportivo | 38,41 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 26216 de 31/05/2016 | Material arranxos Mercado Gandeiro | 26,40 |
| OLGA KARAGEORGIAN BLANCO<br>NIF. 76565760-W | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 72 Km. | 13,68 |
| Mª ELITA BRAÑA GARCÍA<br>NIF. 33832086Y | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 320 Km. | 60,80 |
| EULALIA GONCALVES ARAUJO,<br>NIF.X1166446-R | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 485 Km. | 92,15 |
| LOURDES ALVAREZ ARIAS,<br>NIF.33859842-R | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 622 Km. | 118,18 |
| FRANCISCA REGO LÓPEZ<br>NIF. 33307097S | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 964 Km. | 183,16 |
| MARÍA JESUS BOUSO BARCIA<br>NIF. 33348237-P | Maio 2016 | Desprazamentos Ax. Domicilio 308 km. | 58,82 |
| **TOTAL** | | | **9.688,31** |

E non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Alcaldía - Presidencia levantase a sesión sendo as nove horas trinta e cinco minutos, estendéndose do seu resultado a presente acta, fiel reflexo dos feitos acaecidos no transcurso da mesma, da que como Secretaria dou fe.

Vº e Pr.
A Alcaldesa - Presidenta, A Secretaria -Interventora,